



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## ANUNCIO

### **DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2021006129, DE 21 DE DECEMBRO, DE CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓN.**

**Nº expte.- 2021/EGFAB/000065**  
**BDNS (Identif.): 557223**

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021001331, de data 26/03/2021, aprobouse a convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións durante o ano 2021, que foi publicada –por conduto da BDNS- no Boletín Oficial da Provincia de 16 de abril de 2021.

En data 25 de novembro de 2021 as solicitudes presentadas foron avaliadas polo órgano instrutor designado na convocatoria. Comprobase a documentación correspondente, constatándose que todos os solicitantes están ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e o Concello de Oleiros e que cumpren cos requisitos de participación en competicións que se establecen no parágrafo 3.b) da convocatoria.

A proposta de resolución provisional foi debidamente publicitada, concedéndose aos interesados un prazo de 10 días para alegacións. Non foi presentada ningunha.

En data 17/12 o órgano instrutor emite informe con proposta de resolución definitiva.

O 21/12 o expediente é informado favorablemente pola Intervención Municipal.

Polo exposto, resultando que de acordo coa convocatoria a Alcaldía é o órgano competente para resolver,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder as seguintes axudas, ao abeiro da *Convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións* no ano 2021:

<b>NIF</b>	<b>DEPORTISTA</b>	<b>CAMPEONATO</b>	<b>TOTAL AXUDA</b>
.....	SANCHEZ SANCHEZ, JOSÉ MANUEL	CAMPEONATO ESPAÑA RUTA SENIOR	300
.....	ALVAREZ FUENTES, IRIA	CAMPIONATO ESPAÑA EQUIPOS	200
.....	MONTES LALE, ALEJANDRO	CAMPEONATO ESPAÑA VERAN JUNIOR	200
.....	YAÑEZ PÉREZ, LUCAS	CAMPEONATO EUROPEO	800
.....	MARTÍNEZ BOBO,CANDELA	CAMPEONATO DE ESPAÑA INDIVIDUAL E AUTONOMÍAS	200
.....	DOPICO BERMUDEZ, CARLOS	CAMPEONATO DE ESPAÑA Y GALEGO SURF ADAPTADO CATEGORIA V2	400
.....	ARES FILLOY,JAIME	CAMP. ESPAÑA DE SALVAMENTO DE LARGA DISTANCIA	200

.....	FERNÁNDEZ LÓPEZ, MANUEL	CAMPEONATO INTERNACIONAL DO CIRCUITO EUROPEO	700
.....	FERNÁNDEZ LÓPEZ, JUAN	CAMPEONATO ESPAÑA	400
.....	SANDINO RAMOS, ANTONIO MANUEL	CAMPEONATO EUROPA 2020	800
.....	GARCÍA DE CASTRO, MARCO	CAMPEONATO DE ESPAÑA CLUBS	400
		TOTAL	4.600,00

**Segundo.-** Liberar o saldo de crédito sobranante na operación 202100008838.

**Terceiro.-** Informar aos beneficiarios que en cumprimento da normativa vixente estas axudas serán consideradas, a efectos do IRPF, como rendementos de actividades profesionais, polo que se lles aplicará a retención do 15% no momento do pagamento.

**Cuarto.-** Publicar o contido do presente acordo do xeito establecido na convocatoria, comunicalo á área económica aos efectos oportunos e notificalo aos interesados.

**Quinto.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).